

Boletín do Instituto Galego das Cualificacións

Nº 1

INSTITUTO
GALEGO DAS
CUALIFICACIÓNS

DEZ ANOS DE PERCORRIDO

O Instituto Galego das Cualificacións foi creado no ano 1999 como instrumento técnico encargado de garantir a implantación efectiva do Sistema Nacional das Cualificacións nesta comunidade autónoma.

Nos últimos anos o instituto levou a cabo diversas actuacións dirixidas todas elas a mellorar a cualificación da poboación galega en coherencia coas características sociolaborais e produtivas de Galicia.

Neste percorrido, o equipo do instituto ten traballado coa firme convicción de estar a facer algo certamente útil e axeitado para a sociedade galega.

Por isto, no décimo aniversario do instituto queremos compartir os avances e todas aquelas accións que cremos deben ser coñecidas pola sociedade galega, nos ámbitos das cualificacións, da acreditación das competencias profesionais e do comportamento das profesíons no mercado laboral de Galicia a través desta publicación periódica que se inicia neste mes.

3ª CONVOCATORIA DE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

O Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Consellería de Traballo, acaba de publicar a 3ª convocatoria de probas para a obtención dun certificado de profesionalidade.

O obxectivo destas probas é que as persoas dispoñan dunha certificación oficial e con validez a nivel nacional que acredite a competencia profesional que efectivamente posúen, independentemente do camiño empregado para a súa adquisición, sexa este a formación ou a experiencia laboral.

Nos anos 2006 e 2007, e con carácter pioneiro en Galicia, xa se levaran a cabo dúas convocatorias en diferentes ocupacións. Nestas dúas convocatorias houbo persoas que só lograron a acreditación dalgunha das unidades de competencia que conforman o certificado de profesionalidade. Por esta razón, a Consellería de Traballo decidiu facer unha convocatoria restrinxida destinada só a aquelas persoas que xa participaron nas convocatorias dos anos 2006 e 2007 para lles dar a oportunidade de obter o certificado enteiro.

Nesta terceira volta, realizaranse probas de certificados de profesionalidade nas sete ocupacións en que foran efectuadas nas anteriores convocatorias: traballador forestal, xardineiro, mecánico de vehículos lixeiros, chapista-pintor de vehículos, axustador mecánico, electrónico de mantemento e auxiliar de axuda a domicilio.

As probas teórico-prácticas levaranse a cabo durante o mes de febreiro e os resultados publicaranse a través da páxina web da Consellería de Traballo.




XUNTA DE GALICIA

Publicacións

O envellecemento demográfico é un dos máximos retos sociais e económicos do século XXI para as sociedades de toda Europa. Segundo as estatísticas elaboradas, España será no ano 2050 o primeiro país máis vello de Europa e o terceiro do mundo, cun 34,1% de poboación maior de 65 anos sobre o total. Isto supón un gran desafío e unha gran transformación para o noso mercado de traballo, motivo polo que se toma a decisión de levar a cabo este estudo. Nel analízase a evolución dos parámetros máis representativos do ámbito demográfico e laboral da nosa comunidade, indicadores de poboación, actividade, ocupación, paro, contratación, afiliación e datos sobre pensións.

A situación futura de Galicia nestes ámbitos semella aínda máis preocupante que a do resto do Estado, xa que a progresión da poboación galega en idade de traballar (16 a 64 anos) faise moi lenta, e incluso pode chegar a ser negativa se as condicións migratorias continúan sendo como as actuais. Os novos traballadores que entran ao mercado laboral son menos numerosos que as xeracións de traballadores que se xubilan. Inquieta aínda máis o decrecemento experimentado nas taxas de participación laboral das persoas maiores de 55 anos nos últimos anos, colectivo que vai xogar un papel cada vez máis relevante no mercado de traballo ante esa falta de relevo xeracional.



Este informe constitúe un instrumento de consulta sobre o mercado laboral en Galicia. A combinación dunha dimensión descritiva cunha analítica e sintética proporciona información a diversos niveis da realidade sociolaboral que caracteriza a nosa Comunidade Autónoma. Ademais, permite coñecer as variables máis determinantes na configuración da súa estrutura interna e da súa evolución temporal. A finalidade última é crear un instrumento que sexa útil tanto para a Administración pública en todos os seus niveis, como para todas as persoas e axentes que traballan en ámbitos relacionados co mercado laboral galego e que están vinculados ao desenvolvemento socioeconómico de Galicia.

A publicación consta de tres apartados. No primeiro abórdase unha análise comparativa comarcal para o conxunto das comarcas galegas, presentando a información en forma de mapas, gráficos e táboas de indicadores. No segundo establécese unha distribución de comarcas en conglomerados co obxectivo de establecer tipoloxías que permitan sintetizar as diversas magnitudes que caracterizan o mercado laboral galego. O terceiro recolle as fichas das diferentes comarcas galegas, o que permite presentar dunha forma sintética e complementaria a información máis relevante para cada un destes territorios. A publicación preséntase en dous formatos, unha versión impresa que inclúe os tres apartados mencionados anteriormente e outra que se compón dun CD con todos os datos ademais das fichas comarcais publicadas independentemente.

A nova páxina web do Instituto Galego das Cualificacións

No ano 2007 publicárase na páxina web da Consellería de Traballo as aplicacións de Indicadores de Mercado Laboral e de Datos de Ocupacións que permite o acceso ao público á información de datos sobre o mercado laboral galego de contratos rexistrados, paro rexistrado, ofertas, afiliacións de traballadores á Seguridade Social e ás empresas.

Na procura de mellorar a información ofertada neste espazo web ao longo do ano 2008 estívoase a

traballar na elaboración de novas aplicacións que amosasen unha maior información completando e ampliando a nosa páxina.



A miña profesión

Onde se pode obter información variada sobre as profesións e a súa relación co mundo laboral e formativo.



Aplicación de datos de ocupación

Conxunto de informacións sobre emprego do Observatorio Ocupacional do Instituto Galego das Cualificacións.



Aplicación do mapa de recursos formativos

Mapa integrado de recursos de Formación Profesional en Galicia.



Aplicación sobre informes de mobilidade

Datos da mobilidade dos traballadores/as fornecidos polo Observatorio Ocupacional.



Aplicación Indicadores do Mercado laboral

Datos relacionados co emprego que elabora o Observatorio Ocupacional.

Se queres acceder á páxina web do Instituto Galego de Cualificacións:

<http://cualificacions.xunta.es>

Para acceder á páxina da Consellería de Traballo:

<http://emprego.xunta.es>

<http://traballo.xunta.es>



Normativa destacada:

Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os **CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE**. BOE núm. 27, do 31 de xaneiro de 2008.

Real decreto 229/2008, do 15 de febreiro, polo que se regulan os **CENTROS DE REFERENCIA NACIONAL** no ámbito da formación profesional. BOE núm. 48, do 25 de febreiro.

Decreto 32/1999, do 5 de febreiro, polo que se

crea e se regula o **COMITÉ AUTONÓMICO DE EMPREGO** e os comités provinciais de emprego e seguimento da contratación laboral. DOG núm. 34, do 19 de febreiro de 1999.

Decreto 98/2008, do 15 de maio, polo que se crean e regulan os órganos consultivos denominados pactos territoriais de emprego. DOG núm. 94, do 16 de maio de 2008.

Normativa recente:

Lei 17/2008, do 29 de decembro, **DE PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL DAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS E EMPRESARIAIS MÁIS REPRESENTATIVAS DE GALICIA**. DOG núm.12, do 19 de xaneiro de 2009.

Orde do 11 de decembro de 2008 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de **ACCIÓNS FORMATIVAS** dirixidas prioritariamente a os traballadores e traballadoras **DESEMPREGADOS/AS** na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao exercicio 2009. DOG núm. 24, do 18 de decembro de 2008.

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de **ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO**. DOG núm.13, do 20 de xaneiro de 2009.

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e

subvencións para os programas de **ESCOLAS OBRADOIROS E CASAS DE OFICIOS**, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. DOG núm. 9, do 14 de xaneiro de 2009.

Orde do 3 de novembro de 2008 pola que se convoca a relación de probas para a obtención dos **CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE** en determinadas ocupacións para aquelas persoas que participasen nas probas de certificación convocadas nos anos 2006 e/ou 2007 e que teñan acreditada algunha unidade de competencia das que consta o correspondente certificado de profesionalidade, DOG e BOE do 26 de novembro de 2008.

Orde do 3 de xullo de 2008 pola que se constitúen **OS PACTOS TERRITORIAIS DE EMPREGO** da Barbanza-Noia, de Ferrol, da Mariña, de Lemos, de Ourense, da Limia-Verín e do Deza-Tabeirós. DOG núm. 109, do 6 de xuño de 2008.